

COORDINADORA



CONVIVENCIA⁺

IES do Milladoiro

PLAN DE TRABAJO

**COORDINADORA DE CONVIVENCIA E
BENESTAR DO IES DO MILLADOIRO**

CURSO 2024/2025

1 INTRODUCCIÓN PLAN DE TRABAJO

A atención ao alumnado vulnerable da nosa contorna preséntase -dende os comezos da existencia do centro escolar- como un tema clave e de preocupación, precisando accederse a recursos, plans e medidas que poidan favorecer dar resposta efectiva e atención as problemáticas educativas deste alumnado en risco de vulnerabilidade.

Cóntase así cunha previsión para o curso escolar dun 15-20% de alumnado en situación salientable de risco de abandono e fracaso escolar por situación socio familiar ou contextual, descolgue curricular moi significativo e que pode presentar taxa importante de absentismo escolar. Concentrándose nos primeiros cursos da ESO fundamentalmente e presentando un grave risco de abandono escolar temperará sen competencias nin titulación adquiridas. Sinalándose que moito deste alumnado precisa, ademais, ser obxecto de MAD ordinarias e extraordinarias por amosar NEE de diversa tipoloxía: Dificultades lecto escritoras, TDAH, Retardo curricular grave, etc...

Por outra banda, unha das liñas de traballo fundamentais a reforzar no IES do Milladoiro é a convivencia e a igualdade. Entendemos que unha boa convivencia escolar mellora os resultados académicos e produce unha maior satisfacción da comunidade educativa ao mesmo tempo que, a pequena escala, contribúe a mellorar a convivencia positiva na localidade na que o centro desenvolve a súa actividade: O Milladoiro

Entendemos pois que as actuacións de prevención e intervención como os equipos de axuda, as titorías individualizadas, a prevención do racismo e da violencia de xénero, as actuacións para a mellora do clima escolar e grupal, os programas de habilidades sociais, a organización de xornadas e encontros, o traballo cooperativo e a intelixencia emocional... son fundamentais. Somos conscientes que estas propostas requiren sensibilización, formación, tempo e recursos para a súa posta en marcha e

por iso consideramos prioritario desenvolverlas dentro deste plan de traballo da coordinadora de convivencia e benestar.

2 ANÁLISE DO CONTEXTO

O IES do Milladoiro é un centro creado no curso 2013/2014. O nivel sociocultural das familias do noso alumnado é extremadamente variado. A porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro é do 10%, aproximadamente, e a súa procedencia moi dispar. Aínda que non ofrece dificultades de integración, nos últimos cursos apréciase a chegada de alumnado que non coñece ningunha das dúas linguas oficiais.

Xeograficamente é un centro peri-urbano-rural, situado no Concello de Ames, e moi perto de Santiago de Compostela. É o seu noveno curso dende a inauguración e conta cunha oferta educativa da ESO e BACH. O número de alumnado matriculado este curso é de..... e docentes este curso.

Cabe destacar a multiculturalidade do noso alumnado, tendo este ano matriculado alumnado a maiores de España de Colombia, Ecuador, República Dominicana, Venezuela, Chile, Perú, Uruguai, Arxentina, E.U.A, Panamá, Suíza, Angola, China... entre outras. O noso centro caracterízase por recibir, xa iniciado o curso escolar, alumnado de diversos países, chegando nalgúns casos a incorporarse incluso durante a 3ª avaliación (Plan de Acollida).

Tamén cabe sinalar que hai un gran número de alumnado con NEE e NEAE que require atención individualizada. Así pois, a atención á diversidade é outro dos puntos fortes para mellorar a convivencia positiva no centro.

A comunidade educativa do IES do Milladoiro sempre se caracterizou por realizar proxectos de innovación educativa e pola experimentación e

consolidación de boas prácticas vinculadas con ámbitos moi diversos, como o lingüístico, científico, artístico... (A Rede do Milladoiro, o Selo de Vida Saudábel, o premio Antonio Fraguas, os recoñecementos en innovación, Radio...).

O pasado curso caracterizouse por unha situación de conflictividade e inestabilidade que afectou a todos os membros da comunidade educativa e que se reflexou en feitos como a existencia de dúas direccións no mesmo curso ou os cambios que houbo no mes de novembro de 2024 na Coordinadora de convivencia. Neste senso para a presente coordinadora é importante retomar e dar continuidade a programas e proxectos desenvolvidos en pasados cursos, así como amosar unha intención colaborativa con novas iniciativas que se podan desenvolver no presente curso.

3 OBXECTIVOS

- Consolidar **estruturas de centro** que faciliten a **convivencia positiva**, procurando que o alumnado sexa axente activo nas mesmas e que as habilidades aprendidas sexan aquelas que axuden ao seu benestar individual e tamén social.
- Fornecer un traballo cooperativo de boas prácticas continuando coa colaboración co **IES Xelmirez I** e a consolidación dos **Equipos de Axuda**
- Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos coa axuda de **IGAXES** e o seu programa de **titorías individualizadas**, **competencias familiares** e o programa “**Sentir**”
- Previr situacións de **risco** ou **exclusión social** do alumnado, promovendo o seu empoderamento persoal e mellorando os procesos de inclusión e desenvolvemento

- Empoderar a comunidade educativa promovendo **estratexias que formenten a inclusión e a equidade educativa.**
- Implicación das **familias** a través da **ANPA** e da **Escola de familias** para coordinar acción conxuntas para a mellora da convivencia positiva
- **Colaboración co Departamento de Orientación** en activos de alumnado axudante entre os cursos de 3º e 1º ESO.
- Colaboración ca **dirección do centro** na prevención e tratamento dos casos de **acoso escolar**
- Colaboración co **grupo de traballo** que, en materia de convivencia, (prácticas restaurativas para a mellora da convivencia) plantexou no presente curso Ana María Vidal Ruíz de Velasco.
- Fomento da convivencia positiva entre a comunidade educativa co facilitador-mediador **Brais Fernández.**

4 PROCEDEMENTOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN.

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e avaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico **se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado**, de modo que o desenvolvemento das **accións formativas** siga o calendario e obxectivos previstos.

As **accións propostas** están programadas para realizarse ao longo do curso 24/25 e realizarase un seguimento conxunto por todas as axentes que participan na formación.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo nas **reunións da Coordinadora de Convivencia** que se realizan este curso os **martes a 4^a hora**. Nestas actas da coordinadora reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento, avaliación e modificación da programación será revisado cando menos **unha vez ao trimestre**, deixando constancia nas actas de reunión da coordinadora.

Os indicadores que permiten avaliar o nivel de logro acadado son os seguintes:

- Porcentaxe de redución de incremento de participación do alumnado nos programas previstos pola coordinadora de convivencia.
- Porcentaxe de redución de apertura de número de expedientes.
- Porcentaxe de redución de faltas de orde, apercibimento e sancións.
- Porcentaxe de aumento de implicación de familias nas accións educativas relacionadas con esta actuación.
- Porcentaxe de satisfacción da formación recibida polas persoas que compoñen a comunidade educativa.

ASDO: MARÍA JOSÉ CALVO LODEIRO
COORDINADORA DE CONVIVENCIA E BENESTAR DO IES DO MILLADOIRO

